




CURSO DE INTRODUCCIÓN ÁS REVISIONS SISTEMÁTICAS E A METAANÁLISE

A Agrupación Estratéxica ECOBAS organiza esta xornada formativa dirixida ós investigadores e investigadoras que desexen entender tanto os principais conceptos coma os diferentes tipos de metaanálise que existen. Ademais, aprenderán a identificar os pasos necesarios para levar a cabo unha revisión sistemática, a executar e interpretar unha metaanálise e adquirirán capacidade para avaliar criticamente publicacións relacionadas con esta temática.

- Data: Luns día 7 de novembro de 2016
- Lugar: Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, Aula-seminario 7
- Horario: 10.00-14.00h e de 16.00-18.00h
- Número máximo de inscricións: 25. As prazas serán asignadas por orde de inscrición.
- Prazo de inscrición: ata o 31 de outubro
- Prezo: de balde. Inclúe o café da mañá e o xantar no comedor da Facultade.
- Inscricións: enviando o formulario adxunto por correo electrónico a ecobas@uvigo.es. Indicar no asunto: CURSO METAANÁLISE ECOBAS
- Organiza: ECOBAS. Promovido polo grupo REDE (Xosé H Vázquez e Antonio Sartal)
- Imparte: 

CURSO DE INTRODUCCIÓN ÁS REVISIONS SISTEMÁTICAS E A METAANÁLISE

- Concepto e utilidade da revisión sistemática e a metaanálise
- Etapas dunha revisión sistemática
- Tipos de metaanálise
- Os modelos estatísticos na metaanálise: efectos fixos vs. efectos aleatorios
- Validez da metaanálise
 - ✓ Sesgo de publicación
 - ✓ Heteroxeneidade
 - ✓ Análise de sensibilidade
- Presentación dos resultados dunha metaanálise
- Limitacións da metaanálise
- Software e recursos dispoñibles



Docente principal: MARÍA P. PATA. Directora da Área de Asesoramento, Formación e I+D+i de Biostatech, S.L.

Doutora en Bioloxía (USC), Máster en Bioestatística (USC, 2005-2007) e Primeiro Ciclo de Medicina (Universidade de Navarra e USC). Foi investigadora na Facultade de Bioloxía da USC e posteriormente na Unidade de Bioestatística da Facultade de Medicina e Odontoloxía. Entre os anos 2010 e 2014, traballou coma estatística no Instituto Pirenaico de Ecoloxía (IPE/CSIC), e dende principios do 2015 é Responsable da Área de Asesoramento e Formación de Biostatech S.L. (spin-off de Bioestatística da USC).

Especialista en estudos biomédicos, modelos de regresión avanzados (modelos STAR e extensións), modelos mixtos, modelización espazo-temporal e modelos predictivos, entre outros. A súa formación interdisciplinar e diversificación dos seus coñecementos en distintas técnicas téñenlle permitido aplicar con éxito diversas metodoloxías na resolución de problemas da área económica, empresarial e o sector financeiro.

